

# Suspensión das clases

medidas para a aula de 6ºA

Para tentar reducir ao máximo as complicacións desta suspensión de clases pola pandemia do COVID-19 imos continuar a traballar os contidos que xa se traballaron cos nosos alumnos e alumnas dando a posibilidade de facelo vía internet.

Para iso, o alumnado de 6ºA poderá seguir o ritmo das clases accedendo dentro da plataforma E-dixgal da Xunta de Galicia (ca que xa están acostumados a traballar) á nova materia creada: Traballando dende a casa.

Accedendo á mesma poderán ir seguindo día a día a programación establecida para cada sesión.



**Paso 1**



Accede á **plataforma de E-dixgal** a través do seguinte enlace:

<https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>



**Paso 2**



No directorio, accede ás materias e selecciona:

**Traballando na casa**



**Paso 3**



Dentro da nova materia irase subindo a programación para cada día. Os alumnos e alumnas deben estar

**atentos ás novidades.**

*Existe un foro de novas onde o alumnado poderá preguntar as dúbidas correspondentes cas actividades.*

## PLANIFICACIÓN DO TRABALLO 6º B DENDE A TITORÍA

A presente guía de traballo comprende tarefas, actividades e propostas para que o alumnado de 6º B realice durante a semana do 16 ao 18 de marzo nas áreas que imparte a titora: L.C, MAT, CC.NN e CC.SS e durante a semana do 24 ao 27 de marzo.

Para que non vos perdades hai cargada unha materia nova onde centralizarei o traballo diario. Polo tanto, cada día entrade e ide antes de nada á nova materia que atoparedes e que se chama **TRABALLANDO NA CASA.**

A miña proposta é que cada día vaiades traballando de acordo co horario establecido. Alí atoparedes indicacións e ademais haberá un foro de novas a través do cal podedes facer preguntas sobre as actividades.

O traballo estará disposto para ser realizado en cada un dos temas abertos na plataforma E-Dixgal.

Eu propoño que sigades o horario de cada día. Axudárvos a ir pouco a pouco traballando e tendo unha sensación de normalidade.

**No caso de que algún alumno ou alumna non teña internet deberá chamar ao cole e comunicalo e se lle enviarán tarefas ao correo electrónico da súa familia.**


### 1º PASO

Accede á plataforma E-Dixgal coma todos os días a través do enlace:  
<https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>



### 2º PASO

No directorio de materias accede a unha chamada:  
TRABALLANDO NA CASA



### 3º PASO

Dentro dela atoparás a programación de cada día segundo o horario.

Terás un foro a través do cal podes facer preguntas sobre as actividades.

